



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: COVID-19 Medidas de reanudación da actividade ordinaria de funcionamento do Concello de Boimorto e reincorporación do seu persoal ao seu centro de traballo de forma presencial

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Considerando a emerxencia de saúde pública motivada polo COVID-19 e o Estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da citada crise sanitaria publicada en BOE núm. 67, de 14 de marzo de 2020.

Visto o tempo transcorrido dende a declaración do estado de alarma e tendo en conta que a crise sanitaria xa esta máis controlada.

Considerando que as diferentes administracións públicas están aprobando medidas de reanudación da actividade ordinaria de funcionamento e reincorporación do seu persoal ao seus centros de traballo.

Tendo en conta tamén:

- O Plan para a Transición hacia unha nova normalidade aprobado pola Administración estatal en data de 28.04.2020.
- A Circular da Fegamp tamén de data 28.04.2020 no que se indican unha serie de recomendacións aos concellos para a reanudación da actividade no contexto da crise do Covid-19.
- E finalmente considerando as medidas e recomendacións xa adoptadas polo Concello de Boimorto mediante Decretos 101/2020, 103/2020 e 107/2020 de datas 11, 13 e 16 de marzo respectivamente sobre a cuestión xa indicada.

En consecuencia, en base ao exposto, polo presente e en exercicio das facultades que me atribúe a normativa do réxime local, concretamente artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de Réxime local, e coa finalidade de conciliar a máxima seguridade sanitaria no ámbito laboral e a reactivación da actividade municipal cun maior grado de coordinación e eficacia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adoptar as seguintes MEDIDAS aos efectos de reanudación da actividade ordinaria de funcionamento do Concello de Boimorto e reincorporación do seu persoal ao seu centro de traballo de forma presencial de maneira gradual e progresiva:

MEDIDAS DE REANUDACIÓN:

1. ATENCIÓN CIADADÁ:

A comunicación co Concello debe de continuar realizándose de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través do número que se indica a continuación. En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, en horario de 9 a 14 horas.

- Teléfono: 981516020 - 608005718
- Teléfono servizos sociais: 981516075
- Sede Electrónica: <https://sede.boimorto.es/opencms/gl/>

2. FLEXIBILIDADE HORARIO - TELETRABALLO:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os traballadores do Concello de Boimorto que en virtude do Decreto de Alcaldía núm.107/2020, de data 16 de marzo, se lles autorizou o desempeño das súas funcións na modalidade de Teletraballo, a partir da data indicada no punto segundo da parte resolutiva do presente decreto desempeñaran as súas funcións de forma presencial con xornada laboral ordinaria pero con flexibilidade horaria, a excepción de aqueles traballadores que incurrán en perfil de vulnerabilidade que continuarán no exercicio das súas funcións do seu posto de traballo na modalidade de Teletraballo xa autorizada. Concretamente os postos de traballo afectados pola seguinte medida son os seguintes:

1. Secretaría-Intervención
2. Técnica de Xestión Económica-Financeira
3. Administrativa de Secretaría
4. Técnico Local de Emprego-Axente de Desenvolvemento Local
5. Traballadora Social
6. Técnica de Intervención Familiar-Psicólogo.
7. Animador deportivo.
8. Animadora Cultural.
9. Auxiliar de Servizos Sociais.
10. Informático.

- Indicar que a flexibilidade horaria terase que xustificar polo traballador afectado mediante a presentación do escrito modelo que se achega ao presente decreto e terase que levar a cabo o desempeño da xornada de traballo diaria entre as 8:00 horas da mañá e as 20:00 horas da tarde.
- O persoal municipal, dentro do horario ordinario de traballo, que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

3. RESPECTO DOS SEGUINTE SERVICIOS MUNICIPAIS:

- Servizos de Lixo, Obras, Auga e Mantemento de Alumeado Público prestarase nos termos e co persoal que de forma ordinaria se veñen prestando adoptando, eso sí, as medidas de seguridade sanitarias oportunas e empregando os medios materiais pertinentes para evitar calquera tipo de risco sanitario.
- Respecto de todo persoal da Miniresidencia do Concello de Boimorto, incluída a Directora do centro, ten que asistir de forma presencial e en xornada laboral ordinaria, ao seu posto de traballo e exercer as súas funcións de conformidade as medidas de seguridade sanitarias xa adoptadas.
 - o Respecto da Fisioterapeuta que se lle autoriza no seu momento a modalidade de Teletraballo tamén se incorporará de forma presencial e en xornada laboral ordinaria para o desempeño do súas funcións. Funcións que serán exercidas unicamente aos usuarios da Miniresidencia do Concello de Boimorto ata novo aviso.
 - o Respecto do servizo de podoloxía tamén so se prestará, no mesmo senso, aos usuarios da Miniresidencia do Concello de Boimorto ata novo aviso.
 - o E finalmente indicar que ambos servizos se levarán a cabo de conformidade as directrices e medidas sanitarias oportunas indicadas pola Xunta de Galicia a todo o persoal da Miniresidencia do Concello de Boimorto.
- Finalmente respecto do Servizo de Axuda no Fogar, reactivase a prestación do servizo respecto da liña de usuarios en concorrencia conxuntamente coa prestación da liña de usuarios de Dependencia que xa se viña prestando. Polo tanto todos os empregados públicos vinculados ao servizo prestarán o mesmo de forma presencial e en xornada laboral ordinaria. O servizo prestarase adoptando as medidas e seguridade sanitarias oportunas e empregando os medios materiais pertinentes para evitar calquera tipo de risco sanitario.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SEGUNDO.- As anteditas medidas entrarán en vigor en data de 3 de xuño de 2020 ata 30 de Xuño de 2020, sen prexuízo de que este período poida ser obxecto de ampliación ou variación cando se incurra en circunstancias motivadas. Unha vez transcorrido o prazo indicado a totalidade dos empregados públicos do Concello de Boimorto reincorporaranse aos seus postos de traballo de forma ordinaria e en termos previos a crise sanitaria, salvo que se adopten algunha medida adicional de forma motivada. Asemade as citadas medidas no presente decreto poderán ser ampliadas ou reducidas en función das directrices que establezan as autoridades sanitarias competentes.

TERCEIRO.- Aprobar, aos efectos de levar a cabo a reanudación da actividade ordinaria de funcionamento do Concello de Boimorto e reincorporación do seu persoal ao seu centro de traballo de forma presencial, o Plan de prevención de riscos elaborado pola mercantil Cualtis SLU (CIF B84527977) e con rexistro de entrada no concello en data 29.05.2020 e núm. 20200000000640.

CUARTO.- A citada reanudación da actividade levarase a cabo de conformidade con todas as directrices e medidas de protección individual e colectiva indicadas no Plan de prevención de riscos aprobado no presente decreto, do cal se dará traslado a todos os traballadores do Concello e estará a súa disposición na oficinas xerais da Casa do Concello de Boimorto.

QUINTO.- Indicar ao conxunto dos empregados públicos do Concello de Boimorto como consideración xeral que no suposto de que algún empregado público presente síntomas da enfermidade do COVID-19, de conformidade e interpretando de forma conxunta ao disposto na circular da Fegamp de data 28.04.2020 e o Plan de prevención de riscos elaborado e aprobado no apartado terceiro da parte resolutiva do presente decreto, o seguinte:

- Se os síntomas aparecen no seu domicilio, contactará co 900 400 116, non acudirá ao centro de traballo e comunicará ao seu responsable as pautas que lle marcasen as autoridades sanitarias. A súa ausencia considerarase xustificada.
- Se os síntomas aparecen no posto de traballo, informará inmediatamente ao seu superior e trasladarase a un espazo pechado. Porase en contacto co 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias. Os responsables de persoal das unidades afectadas ditarán as instrucións necesarias. Respecto ao resto de empregados públicos que compartían espazo de traballo coa persoa que presentaba síntomas de enfermidade, adoptaranse as medidas preventivas que fixe o órgano competente da Consellería de Sanidade.

SEXTO.- Publicar o presente decreto aos efectos da súa difusión na web municipal, no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica municipal e no taboleiro físico do Concello de Boimorto así como calquera outro medio de comunicación municipal coa finalidade da súa máxima difusión.

SÉTIMO.- Igualmente dar traslado do presente decreto a todos os departamentos do Concello de Boimorto e as formacións sindicais con maior representación no centro de traballo, aos efectos do seu coñecemento por parte de todos os traballadores e das anteditas formacións.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ